

## A CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE

*Benito Losada*

Director da Casa da Xuventude de Ourense

### 1 CUESTIÓNS PREVIAS

Cando dicimos casas da xuventude falamos de pouca cousa: 16 casas da Xunta de Galicia e un número indeterminado de casas da xuventude dos concellos, que sen datos concretos poderíamos situar noutras 16, o que daría 32 casas para todo o país, para 315 concellos; isto suporía un 10% de municipios con este tipo de instalación. Grandes concentracións de posibles usuarios como A Coruña, Lugo ou Ferrol carecen deste equipamento social.

Como exemplo, digamos que Dinamarca, a finais dos oitenta, tiña 1200 casas para 5,5 millóns de habitantes, o que, extrapolado ós 2,8 millóns de galegos, suporía que en Galicia deberíamos ter 600 casas, casa arriba casa abaixo.

Heteroxéneas: poucas e totalmente distintas; non hai modelo. Cando falamos dun centro de saúde, dun instituto, dun mercado..., de calquera centro das administracións públicas, sabemos do que estamos a falar, do que imos atopar: poden estar pintados de distinto xeito, o mobiliario será máis novo ou máis vello, pero basicamente son iguais, responden a unhas normas e sábese para que están feitos. No caso que nos ocupa non é así, non hai normativa nin duns mínimos para as instalacións, nin para o seu sistema de xestión; posiblemente debido ó seu escaso número non hai problema, e non se fixo necesario. As persoas -políticos e técnicos- que se atopan á fronte das casas teñen moita liberdade para orientar as actividades coa, case única, limitación dos presupostos, en xeral cativos. Esta discrecionalidade do persoal incidirá nun tema, ó meu entender importante, como é a idade dos usuarios, xa que en demasiadas ocasións as actividades van dirixidas a persoas que non están entre os 14 e os 30 anos, amplo grupo de idade ó que deben estar dirixidas as casas.

## 2 APARECE A CASA

A Casa da Xuventude foi inaugurada en 1970. Xorde a Casa como contribución dun ourensán -Eugenio López- á súa cidade unha vez que é o responsable da política de xuventude do Estado como *Delegado Nacional de la Juventud*. Pola razón que fose decídese adquirir un edificio xa en construción que tiña un fin ben distinto; ó longo do tempo pagaremos esta solución engadíndolle as cinco plantas mais baixo e polideportivo, ascensor, persianas..., de todos os xeitos os seus 1700 m<sup>2</sup> dan para unha boa Casa da Xuventude, que ademais é a segunda en antigüidade de España, trala de Pamplona. A maioría das casas nacen tralas primeiras eleccións municipais, en 1979, movemento do que curiosamente Galicia queda afastada. Tanta modernidade en Ourense revélase excesiva e o seu uso non pasará de ser o dun "Hogar da OJE" nos seus primeiros anos; malia todo, o nome de *Casa de la Juventud* influirá para que a Sección Femenina, órgano que daquela tiña as competencias sobre as mulleres, crease en Ourense, de xeito experimental, a Organización Juvenil Española Femenina, coa que de paso tentaba atallar a imparabile incorporación das rapazas á OJE, en teoría exclusivamente masculina.

Remata, xunto coa dictadura, esta primeira etapa da Casa da Xuventude de Ourense. Na transición política que segue, o movemento xuvenil, moi politizado e liderado pola Xuventú Comunista, do PCG, reclama o patrimonio xuvenil, en Ourense nun autoproclamado Consello Municipal da Mocidade. Negociaran co primeiro delegado provincial de Cultura, que lles "cede" a Casa da Xuventude, para a que recomendan director -o que lles fala- entre o persoal que tiña a Delegación. Os primeiros meses dedicáronse basicamente á redacción duns Estatutos que regulamentasen o uso da Casa e as relacións coa administración propietaria. Aprobaranse en 1979, tras laboriosas reunións, primeiro na Casa para fixar a postura unificada dos grupos xuvenís, e logo coa Delegación de Cultura, que en moitas cuestións discutiu as normas que se lle propuñan. Como exemplo, citemos a idade mínima para acceder á Casa da Xuventude, que esta estimaba en 14 anos e a administra-

ción quería fixar en 10; ó final os mozos impuxeron o seu criterio. Os Estatutos aprobados son, con pequenas modificacións, os que rexen na actualidade. Establecen a xestión compartida.

### 3 PARTICIPACIÓN

O obxectivo das dúas partes era propiciar a participación dos mozos e mozas na xestión da Casa; o modelo escollido é o da xestión compartida, por unha banda a administración, daquela a Delegación do Ministerio de Cultura, hoxe a Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que co seu persoal administra e mantén as instalacións; pola outra banda os usuarios, que cunha estrutura de asociación (Asemblea xeral, directiva...) deciden nos asuntos da súa competencia, recollidos nos Estatutos e que principalmente son as actividades que se van desenvolver na Casa e o seu regulamento interno. Os usuarios convértense así en socios, cos seus dereitos e cos seus deberes, entre eles o de satisfacer unha cota que nestes momentos é de 450 ptas. ó trimestre.

Tras vinte anos, a experiencia, cos lóxicos altibaixos, funciona; periodicamente é elixido o/a presidente/a da Casa, nunhas eleccións en que todos os socios son electores e elixibles. Non é un sistema presidencialista, pois facilmente pode estar en minoría no Consello de Xestión, nome que recibe o órgano directivo, pero a súa habilidade conseguirá ou non artellar maiorías ou consensos para os acordos. Neste ano decidiron sobre un presuposto de sete millóns de pesetas, recortado a dous e medio polos compromisos adquiridos en exercicios anteriores. O destino destes fondos é exclusivamente para actividades, coa única limitación da súa legalidade, xa que os gastos de persoal, mantemento, obras e reparacións cóbrenos na súa totalidade os orzamentos da Delegación Provincial de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. O presuposto total da Casa pode roldar entre corenta e cinco e cincuenta millóns de pesetas.

O Consello de Xestión está formado polos cargos electos de presidente e dous vicepresidentes e polos representantes dos socios,

a través de asociacións xuvenís ou grupos de actividades presentes na Casa, en función do seu número. Os socios que non estean integrados en ningunha asociación ou grupo, os chamados independentes, elixen os seus representantes, nun proceso que a maioría das veces non funciona, polo que pese a ser maioría, un 65% do total, a súa representación é defectuosa. Son normalmente usuarios de servicios: servicios de préstamo, sala de informática, laboratorio fotográfico... Neste Consello está presente a administración a través do director, que asiste coa función de secretario, sen voto. Asesora e ten a facultade de vetar acordos, se considera que incumpren a normativa ou a lexislación; neste caso, moi pouco frecuente, será a Delegación de Familia a que decida de que parte está a razón. Na última reunión ordinaria participaron dezasete socios representando trece asociacións xuvenís. A Casa está representada polo seu presidente en institucións e órganos consultivos, como pode ser o Consello Municipal de Cultura.

#### 4 OUTRAS PARTICIPACIÓNS

Outro obxectivo da Casa dende os seus inicios foi estar presente na cidade e que esta o estivese na Casa. Quixemos que non se convertese nun gueto. Así, e xa digo que dende o principio, foron acollidas numerosas asociación ou iniciativas que requirían locais para as súas reunións ou actividades; a lista sería interminable, pero como exemplo citaremos a Amnistía Internacional, o Clube Cultural Alexandre Bóveda, a Agrupación Fotográfica Ourensá, A Mesa pola Normalización Lingüística, Amigos do Sáhara e plataformas como Lástima de Bois. Unha das características das actividades é facelas conxuntamente con entidades e institucións, nalgúns casos con moitas; o exemplo máis recente é o Outono Fotográfico, que na súa 19 edición remata hoxe -aínda que algunhas poucas actividades continúen en decembro-, programa que foi desenvolvido ó longo deste mes de novembro por medio cento de entidades e institucións de 17 cidades e vilas galegas, e que recollía máis de setenta actividades. O mesmo sucede coas demais actividades importantes da Casa: Maio Xove, Xornadas de Banda Deseñada,

Bienal da Caricatura, Concurso de Contos... E ó mesmo tempo a Casa participa en actividades e iniciativas cidadás: a colaboración da Casa é fácil de conseguir.

Un dos xeitos de fomentar a participación é promovendo o asociacionismo, ó que se apoia con todos os medios e non só cos materiais, senón cedéndolles responsabilidades: naquelas actividades ou servicios que se poden prestar a través das asociacións e grupos, os responsables da Casa pasan a un segundo plano ou retíranse.

Por último quero citar un aspecto máis da participación da mocidade na xestión da Casa: a través do voluntariado, especialmente intenso nestes últimos anos en que era validable pola prestación social substitutoria, pero que continúa hoxe, día en que contamos con catorce rapaces e rapazas -algúns deles procedentes do voluntariado da Universidade de Vigo-. Xunto cos directivos e o persoal da Casa, fan que esta funcione de 8.30 a 22.00 horas, pecha ás 14.30 unha hora, de luns a sábado, con todos os seus servicios. Un capítulo dentro destas contribucións hai que dedicárllelo ós alumnos de Educación Social, que fan as prácticas na Casa, así como ós de Formación Profesional, que este ano por primeira vez incluíron a Casa para este traballo.

## 5 SERVICIOS

Presta a Casa os servicios habituais dos centros sociais deste tipo. Hai espazos para distintos usos: polideportivo, sala de exposicións, de vídeo, de xogos, laboratorio fotográfico, obradoiros, sala de ordenadores -con internet gratuíta nos 20 ordenadores da Casa- e salas para reunións, asembleas, etc. Tamén conta co equipamento básico de teléfono público, máquinas de bebidas e taboleiros de anuncios. Temos a prensa diaria e semanal, xunto cun abundante abano de publicacións diversas. É na biblioteca -cos seus préstamos- onde residen os servicios de máis éxito; o seu fondo está especializado en cómic, imaxe e novela, pero ademais ten seccións con personalidade propia: a biblioteca verde, en colaboración cunha das asociacións da Casa, O Brote, de carácter ecoloxista, o mesmo que as publicacións que ofrecen; a biblioteca de

xadrez, tamén en colaboración, neste caso coa asociación Escaques 64; a rockoteca, CDs, vídeos, libros, revistas -como *Rock de Lux*, *Ruta 66*, *EGM*- preferentemente de rock; a fancinoteca, de banda deseñada e outras temáticas, organizada e dirixida por outra asociación, *Phanzynex*, máis dun milleiro de títulos de fancines -exactamente 1.594 segundo a última catalogación feita no pasado xullo- de trinta países, un dos mellores fondos do Estado; e, por último, a ludoteca, colección de xogos dispoñibles tanto para xogar na propia Casa como para levar emprestados. A información ten unha oficina incluída na rede galega de información xuvenil e no *Directorio europeo de centros de información xuvenís*. Estase comezando unha colección de cinema en DVD, xa en préstamo, que conta con máis de 100 títulos.

A Casa presta un servizo importante -como non podía ser menos- ás asociacións xuvenís; en realidade podería considerarse un hotel de asociacións. Cédelles o seu equipamento: fax, correo electrónico, fotocopiadora, proxectores e vídeos. Fai a función de xestoría dende a información das subvencións das distintas administracións á súa tramitación se non puídesen ou soubesen facelo. Tamén teñen a posibilidade de ter as súas cousas gardadas, ben nos almacéns da Casa ou ben no armario que ten cada unha delas.

## 6 ACTIVIDADES

As actividades son o máis coñecido da Casa, o que ten máis repercusión no contorno e na cidade, en boa medida polo eco que teñen as nosas iniciativas nos medios de comunicación. Tamén as podemos clasificar.

A diario os socios poden realizar prácticas deportivas na instalación cuberta que ten a Casa para tal fin, coa posibilidade de xogar nos distintos equipos federados de fútbol sala, baloncesto ou balonmán que levan o nome da Casa; ou enredar cos distintos xogos de mesa de que dispoñen na ludoteca, con especial éxito cos de rol ou *magic*: varias asociacións reúnen ós máis entusiastas, encargándose de organizar torneos e cursos. Mención á parte merece o xadrez, no que temos equipos nas distintas categorías. Por

suposto, os socios da Casa gañaron os campionatos galegos en varias -hai un mes un dos nosos xogadores, Iván Salgado, regresou dun campionato do mundo-. Igualmente neste caso hai unha asociación que aglutina ós xadrecistas, *Escaques 64*, que xunto coa propia Casa organiza os *Abertos Internacionais Cidade das Burgas*, terceiro torneo galego polos seus premios, que pasan das oitocentas mil pesetas. Por último neste apartado citaremos os cursos e obradoiros, onde tamén entreteñen o seu tempo os socios: son sempre de curta duración, entre 10 e 30 horas, pagando unha pequena matrícula que non adoita exceder das cincocentas pesetas; os últimos foron de teatro, astronomía, encadernación, serigrafía, parapente, skate, cestería, decoración en madeira, filatelia, malabares, pandeireta, guións cinematográficos e galego.

Para o público, as actividades máis coñecidas son as de realización periódica, algunha delas xa citadas, caso do *Outono Fotográfico*, o *Maio Xove* ou as *Xornadas de Banda Deseñada*, cun montón de edicións enriba. Unha característica común é a implicación doutros colectivos que colaboran non só economicamente senón que achegan actividades enriquecendo os programas.

Outra característica é a dos lazos con Portugal, que veñen de antigo -unha das últimas actuacións de José Afonso en Galicia tivo lugar no noso polideportivo, a finais do 76-; é frecuente a participación de mozos do país veciño, o mesmo que de asociacións e institucións lusas, participación que se fai especialmente intensa nas Xornadas de Banda Deseñada. Á parte das citadas actividades son subliñables o *Concurso de contos*, a *Bienal da Caricatura* e as *excursións*.

Non sempre se fixeron estas actividades; segundo as tendencias e os intereses dos socios houbo outras iniciativas, moitas delas resoltas positivamente, pero que co paso do tempo houbo que deixar. Só dous exemplos: as *Feiras do tecido artesán*, realizadas a principios dos oitenta, que se deixaron de organizar cando os socios/artesáns foron desaparecendo; *os concertos de rock* -só no 92 realizamos 32 con máis de cincuenta grupos-, que houbo que rematar diante das denuncias dos veciños, xa que as nosas instalacións non reúnen os mínimos de insonorización.

E xa quedan as actividades propias das asociacións da Casa, dende torneos internos, algún con trinta equipos de fútbol, ou a máis recente, unha tenda dentro do sistema de Comercio xusto atendida por un grupo sensibilizado nos problemas do Terceiro Mundo.

#### 7 FINAL

A Casa ten un uso intensivo dende o seu principio; son moitos anos -para centros deste tipo-, polo que cómpre ter unha política de mantemento axeitada, o que vén sucedendo nestes últimos anos, nos que se fixeron reformas e reparacións que permiten manter unha presenza digna. Esperamos que siga esta política na Consellería da que dependamos no futuro goberno galego, se se produce algún cambio que neste momento non parece probable.

Para rematar quería dicirlles que non todo é brillo ou éxito; neste momento estamos vivindo en horas baixas, hai unha crise do asociacionismo xuvenil que repercute na Casa, na que as iniciativas escasean e o compromiso dos socios é difícil de acadar. Espero e desexo que superemos estes problemas.